



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

**ANUNCIO:** Aprobación das bases para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas para o servizo de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, durante 9 meses, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo. Programa de subvencións a entidades locais para a contratación temporal de persoas perceptoras de Risga.

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 371/2024, de 27/05/2024 aprobáronse as seguintes bases de selección que se transcriben a continuación:

### **ANEXO**

**CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS OU SERVIZOS DE INTERESE XERAL E UTILIDADE SOCIAL NO CONCELLO DE LAXE DURANTE 9 MESES, PREVIA PRESELECCIÓN POLA OFICINA DE EMPREGO DE CARBALLO.**

### **BASES**

#### **PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da convocatoria é a contratación laboral temporal, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, e utilizando o concurso-oposición como sistema de selección de 2 peóns/peoas para a realización do servizo de “Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais”, de acordo co establecido na Orde do 27/12/2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2024, financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

#### **SEGUNDA.-DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO**

O contrato laboral que se realizará coa persoa seleccionada será de duración determinada, empregando a modalidade de contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego (código 505), ao 75% da xornada, por un período de 9 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse as necesidades do servizo.

#### **TERCEIRA.-CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABAJO**

##### **Peóns:**

Número de postos de traballo: 2 (DOUS)

Clase: persoal laboral temporal, xornada parcial 75%



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Nivel de titulación mínimo esixido: non se esixe

Denominación do posto: peón/peoa

Funcións: Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais: varrer e limpar rúas do concello, parques e áreas recreativas, limpeza de praias, recollida de papeis, baleirar papeleiras, limpeza e desbroce de cunetas, colaborar co servizo de recollida do lixo e, en xeral, realizar tarefas de mantemento.

Grupo de cotización: 10

Duración do contrato: 9 meses

Retribucións brutas mensuais: 1.342,32 € (paga extra incluída)

### **CUARTA.-CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.**

1.- Para seren admitidos ao presente concurso-oposición os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ter nacionalidade de outro estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados membros.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

d) Ser perceptor/a da Risga e estar inscrito/a no Servizo Público de emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas, na ocupación de Peón/peoa, e figurar na relación de currículos que envía a Oficina de Emprego de Carballo ao Concello de Laxe para a oferta presentada en relación con esta contratación.

e) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 1 ou equivalente. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

2.- Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.- Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

### **QUINTA.-Presentación de solicitudes.**

1.- O Concello de Laxe presentará unha oferta de emprego ante a oficina de emprego de Carballo facendo referencia aos requisitos que deben reunir os/as traballadores/as a contratar.

2.- O Servizo de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas e perceptoras de Risga, remitindo novos candidatos se o concello xustifica o incumprimento dos



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

requisitos da oferta ou rexeitamento voluntaria ou incomparecencia dos remitidos, tendo preferencia as persoas perceptoras de RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares, de acordo co artigo 13.d da orde do 27/12/2023.

3.- Os/as aspirantes presentarán instancia (Anexo I) para participar neste proceso dirixida ao Sr. **Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Laxe, dentro do prazo de 2 días hábiles que se contarán dende o día seguinte a aquel no que se comunique os/as candidatos/as que o seu currículo foi enviado pola oficina de emprego**, previa presentación da oferta de emprego correspondente por parte do Concello.

A comunicación aos desempregados farase a través do teléfono ou do correo electrónico que figure na documentación remitida dende a oficina de emprego de Carballo.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.- Á instancia(Anexo I) unirase inescusablemente:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento de presentación da instancia, así como da titulación requirida.
- c) Fotocopia da tarxeta de demandante de Emprego ou similar
- d) Fotocopia do título de Celga 1 ou equivalente, se é o caso.

5.- Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os/as demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6.- Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal as persoas aspirantes que finalmente sexan seleccionadas. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

7.- Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición de interesado/a.

8.- Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes , podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

### **SEXTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do concello ou concelleiro/a en quen delegue ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal(dirección <https://sede.laxe.es>) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

2.- No caso de habelos, os/as aspirantes excluídos /as, así como os omitidos/as na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 1 día hábil contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal(dirección <https://sede.laxe.es>), para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos/as elevarase a definitiva.

3.- Posteriormente, e de ser o caso, elaborárase unha nova lista definitiva cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal dirección (<https://sede.laxe.es>).

Na mesma resolución, o alcalde ou concelleiro en que delegue determinará o lugar, hora e comezo da parte práctica da fase de oposición, así como a composición do Órgano de selección, que se publicará igualmente no taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>)

4.- A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles/as que reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que deberán acreditar segundo o establecido na base 12ª.

### **SETIMA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.**



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

1.- Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

2.- O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

Secretario/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

3.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a Presidente/a.

4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

5.- O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás dos demais aspirantes.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

6.-O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

8.-A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

### **OITAVA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS**

1.- Os/As aspirantes serán citados para o día sinalado para a realización das probas.

2.- Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, os/as aspirantes serán chamados de acordo coa Resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 29, do 8 de febreiro de 2024) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación dos aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra <<H>>.

De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3.-Os/As aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós/ás aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

4.-Para as persoas con minusvalías que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

5.-O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñecer-la identidade do/a aspirante.

### **NOVENA.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

O procedemento de selección realizarase tal e como esixe o artigo 13 da Orde do 27 de decembro de 2013.

O Concello de Laxe remitirá unha oferta de emprego específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da RISGA á oficina de emprego de Carballo, para que lle remita persoas candidatas por cada posto ofertado, sendo



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

esta oficina responsable de preseleccionar aos/ás candidatos/as que cumpran os requisitos sinalados nas correspondentes ofertas.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

**A) FASE DE OPOSICIÓN:** de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Puntuación máxima: 10 puntos.

Os/As aspirantes serán convocados/as para as probas prácticas en chamada única e deberán presentarse co seu DNI.

Os/as aspirantes que non se presenten á realización das probas no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar nas probas prácticas, quedando eliminados do proceso selectivo e polo tanto, non serán valorados na fase de concurso.

**Proba práctica:** Consistirá na realización dunha proba práctica consistente nunha simulación de traballo, tal como: manexo de ferramentas de traballo, limpeza e recollida selectiva de residuos, tipos de residuos e reciclaxe ou calquera outra/s tarefa/s relacionada/s co posto.

A proba terá unha duración máxima de entre 3 e 10 minutos.

Puntuación máxima: 10 puntos.

**Celga 1:** Aqueles aspirantes que non presenten a titulación Celga 1 solicitada nestas bases realizarán unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto. A cualificación na proba como non apto supón a exclusión do candidato do procedemento de selección.

**B) FASE DE CONCURSO:** A puntuación máxima nesta fase será de 5 puntos.

Só se valorarán os méritos que queden correctamente acreditados polos aspirantes.

Avaliaranse os seguintes méritos:

### **1. Formación (puntuación máxima: 2,00 puntos):**

Estar en posesión de cursos de formación relacionados ou equiparables ao posto a desempeñar, impartidos ou organizados polas Administracións Públicas:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 21 a 50 horas: 0,25 puntos por curso
- Cursos de 51 a 100 horas: 0,50 puntos por curso
- Cursos a partir de 100 horas: 0,75 puntos por curso

Valoraranse aqueles cursos, xornadas ou diplomas impartidos ou expedidos por centros oficiais ou entidades homologadas con contido que estea directamente relacionado co posto que se convoca. No diploma ou certificado deberá constar o nome do curso, os contidos impartidos, a entidade que o expide e a carga horaria.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

### **2. Experiencia profesional en traballos realizados relacionados co posto de traballo ao que se opta (puntuación máxima: 3,00 puntos):**

Puntuarase ata un máximo de 3,00 puntos, consonte a seguinte escala:

- **Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados cos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública:** 0,20 puntos/mes de servizo.

Non se computarán servizos inferiores a un mes.

- **Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados cos da praza que se convoca realizados en calquera outro centro de traballo:** 0,10 puntos/mes de servizo.

Non se computarán servizos inferiores a un mes.

Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo organismo competente que reflicte as tarefas desempeñadas, a categoría profesional e o inicio e final da relación laboral ou calquera outro tipo de documento no que quede acreditado fidedignamente o traballo realizado e a súa duración. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

Considéranse a estes efectos os meses de trinta días.

### **DÉCIMA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.**

1.-Rematada a cualificación das persoas aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados/as pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>).

A cualificación para cada exercicio e aspirante determinarase pola media resultante das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal.

No caso de empate nas puntuación de dous ou máis candidatos/as, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a que obtivera maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa candidata que conte con maior puntuación no apartado de experiencia profesional por servizos prestados na administración pública. De non ser posible desfácese-lo empate decidírase por sorteo

2.- O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados/as por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o/a aspirante aprobado/a non chegue a formaliza-lo contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo/a polo/a seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no art. 61.8 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>), na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a relación de aprobados. A proposta de contratación será elevada ao sr. Alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

4.- A resolución nomeando aos candidatos/as seleccionados/as será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

### **UNDÉCIMA.-BOLSA DE TRABAJO.**

As persoas candidatas que superen o proceso de selección e non resulten seleccionadas para o posto de traballo por non acadar a puntuación suficiente pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que o/a aspirante aprobado/a non chegue a formalizar o contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacións antes descritas, o órgano convocante poderá realizar a substitución pertinente para o dito servizo sempre e cando os/as candidatos/as cumpran os requisitos establecidos no apartado terceiro para ser admitidos/as e continúe en desemprego no momento de formalizar a contratación.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata o remate do contrato.

En ningún caso se adquirirá a fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

### **DUODÉCIMA .-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

1.-O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Municipal, no prazo de 5 días naturais, contados a partir da publicación da relación de aprobados no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>), os documentos seguintes:

- a.- Fotocopia compulsada ou documento orixinal do Documento Nacional de Identidade.
- b.- Fotocopia compulsada ou documento orixinal dos méritos alegados ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición dos mesmos.
- c.- Certificado/informe médico, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización do posto de traballo, supeditado en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación da dita documentación correctamente.
- d.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- d.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- f.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- g.- Os/As aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.
- h.- Xustificante de estar desempregado no momento de inicio da relación laboral.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante e, xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co/a aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol do/a aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

### **DÉCIMO TERCEIRA. -DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

- 1.-Presentada a documentación polos/as interesados/as, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación das persoas aspirantes seleccionadas e á formalización dos correspondentes contratos laborais.
- 2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.
- 3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.
- 4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

### **DÉCIMO CUARTA. -INCIDENCIAS.**

- 1.-A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.
- 2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

### **ANEXO I.- PROCESO DE SELECCIÓN DE 2 PEÓNS/PEOAS PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO E ACONDICIONAMENTO MUNICIPAL E DE ZONAS NATURAIS. CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA, PREVIA**



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### PRESELECCIÓN REALIZADA POLO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

D. .... titular do D.N.I. núm. .... e enderezo a efectos de notificación en ..... rúa.....  
nº..... piso..... C.P. .... Teléfono.: ..... Correo electrónico:.....

### **EXPÓN**

- Que desexa participar no procedemento de selección para dar cobertura, mediante contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de 2 peóns/peoas para mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, de acordo coas bases da convocatoria.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que a documentalmente achegada é auténtica.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e avaliación no taboleiro de anuncios do concello, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Laxe ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo o traslado dos mesmos á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co obxectivo de xustificar a subvención concedida.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para recabar información do Servizo Público de Emprego requirido para xustificar a miña condición de persoa desempregada no momento do inicio do proceso selectivo e, no caso de resultar seleccionado/a, na data de comezo do contrato.

Achégase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha **X**):

Fotocopia do D.N.I.

Documentación acreditativa da fase de concurso.

De selo caso, acreditación de posuír o Celga 1.

Polo exposto, **SOLICITA**, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ó que se refire a presente instancia .

En.....a.....de .....de 2024.

Asdo.:

### **Sr. Alcalde do Concello de Laxe**

*Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.*

*O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.*